


գարն



Normalización Lingüística
981 704 304
nelvidal@carballo.gal
www.carballo.gal

Non podo resistirme.
Téñocho que dicir...



Disque “a partir da Candeloria, ningunha ave voa soa”. Por iso, o 2 de febreiro, día da Candeloria, é o día en que casan os paxariños, o día do amor, en antigos costumes. E como en boa parte dos países, agora en Galicia tamén se adoita celebrar o Día d@s Namorad@s polo San Valentín, o 14 de febreiro.

Por iso che propomos que, entre unha e outra data, visibilices o amor. Amor, amor, amor... Pode ser a alguén. Pode ser á parella. Ou a esa persoa que che gusta. Pero o amor pode ir moito máis aló, claro. Tamén pode ser a unha amizade, ou a alguén da familia. E non tes por que amosar só o amor ás persoas, pois amor seguro que tamén lle tes á terra, á lingua..., a Galicia, a Carballo, ao galego... É ou non é? Seguro que si!

Así que, mira o que che propomos:



Fai unha foto na que expreses o teu amor! Amor por esa rapaza ou rapaz. Amor por Carballo. Amor pola lingua (ou amor coa lingua, que tamén está ben gozar coa lingua, eh :-P). Amor por alguén. Amor polo deporte. Amor, amor, amor...



Sube esa foto ao teu perfil de Instagram acompañada dunha frase en galego expresiva, orixinal e suxestiva do que queres expresar.



Debes usar as etiquetas **#qrtm8** e **#Carballo**, ben integradas na frase, ben a continuación.



Na foto podes saír ti, só ou soa ou con esoutra persoa que ti sabes, ou non saír ninguén, pero débese ver que é feita en Carballo, para o que debe haber nela algo identificable do municipio, xa sexa unha paisaxe, edificio, lugar, cartel, establecemento, mural, etc. E é que así, de paso, amosamos que **#carballomola**, non?



Etiqueta na foto o perfil de @TurismoCarballo.



Para participar hai que cumprir con todos estes requisitos, e mais coas normas de Instagram (ter cumpridos os 14 anos para ter unha conta e demais condicións de uso).



E non teñas vergoña por visibilizalo, porque, como di Álvaro de Campos (heterónimo de Fernando Pessoa):

Todas as cartas de amor são
Ridículas.

Não seriam cartas de amor se não fossem
Ridículas.

Também escrevi em meu tempo cartas de amor,
Como as outras,
Ridículas.

As cartas de amor, se há amor,
Têm de ser
Ridículas.

Mas, afinal,
Só as criaturas que nunca escreveram
Cartas de amor
É que são
Ridículas.

E, por participar nesta proposta, podes obter varios agasallos!



Todas as persoas que participen e se acheguen á Biblioteca Rego da Balsa, levarán de agasallo un caderno coa imaxe do mural *I missed you* (o do bico) de Natalia Rak se amosan no móbil a publicación coa que participan desde o seu perfil de Instagram.

A foto que, cumprindo os requisitos de participación, máis gústame acade (ata o 15 de febreiro ás 11.00 h), levará de agasallo os últimos **discos** se Ses, MJ Pérez e Chicharrón e mais unha **torre de son** ben xeitosa con CD, bluetooth e moitas outras cousas para que poida escoitar eses discos e outra moita música en galego.

E a organización escollerá outra entrada máis de Instagram, de entre as que cumpran os requisitos, e que destaque, no seu conxunto (foto+frase) pola súa orixinalidade, calidade, suxestividade, expresividade, etc., e que levará o mesmo agasallo (**os discos e a torre de son** para escoitar unha chea de música en galego).

Préstache?